

Unha Fotobiografía

Manuel María: Imaxe e son



RAMÓN NICOLÁS

Hai xa algúns meses apareceu nas nosas librarías un volume de carácter innovador do que cómpre dar conta nas páxinas deste suplemento. Trátase do título *Manuel María. Fotobiografía sonora*, publicada con moito acerto pola editorial lucense Ouvirmos, editora especializada en produtos nos que a música desempeña un papel determinante, como amosa un útil Itinerario histórico-musical vinculado á cidade de Pontevedra e que está a distribuírse estes días. Con todo, a presente *Fotobiografía* que nos ocupa, talvez pasou un tanto desapercibida no seu día malia se tratar dunha proposta que cualificaría de enormes potencialidades e, xaora, de doado acceso hoxe en día. A inspiración desta fotobiografía, entendida como revisión visual e

seu tratamento didáctico: en primeiro lugar unha escolla de dezanove poemas de Manuel María recitados na súa propia voz e, noutro cd, unha compilación de dezasete cancións que proveñen dun variado número de intérpretes e grupos musicais entre os que se contan Fuxan os Ventos, María Manuela, Na Virada, Enric Barbat, A Quenlla ou Suso Vaamonde entre outros..., todos eles irmandados porque algunha vez musicaron composicións poéticas do autor de Terra Chá.

O volume, concibido como un chanzo máis no conxunto de homenaxes e recoñecementos que se lle tributaron ao poeta de Outeiro de Rei hai pouco tempo, configúrase inicialmente cun repaso estritamente biográfico mercé ao traballo de Xan Fraga e Mónica Rodríguez, que co-

ratura de noso. A continuación é a sección de “Rexistros sonoros” a que recolle, da man de Carlos Díaz, Xurxo Souto e Camilo Gómez Torres tres colaboracións que, respectivamente, se achegan á análise e explicación da voz de Manuel María recollida no primeiro cd—citando as fontes das que proceden as recitacións dos poemas, a relevancia destes últimos, etc.—; á importancia da presenza de Manuel María como poeta para a música galega desde os Voces Ceibes até grupos e cantantes máis contemporáneos, alén de engadir un substancioso comentario a cada unha das cancións recollidas para, finalmente, ofrecerse unha completa listaxe verbo dos poemas e contos cantados e recitados do propio Manuel María.

Unha relevante achega, en suma, tanto no que se refire á potenciación dun tipo de edición moi

UN AXEITADO
PERCORRIDO
POLA VIDA E
OBRA DO GRANDE
AUTOR CHAIREGO

interesante e con futuro, como polo que significa ao espallar a figura do poeta Manuel María, permitindo o emprego da súa obra como recurso didáctico e mesmo afondando nalgúns dos aspectos menos divulgados da súa traxectoria como home de letras. Un volume, ademais, que se engade con moita dignidade a anteriores contribucións, algunhas delas case que monumentais como aquela que lle tributou a Asociación Cultural Xermolos en 2001 e que aínda hoxe é un volume de referencia pola pluralidade e heteroxeneidade das colaboracións que permitiron, dun xeito determinante como a presente, enxalzar e reivindicar con xustiza a dimensión literaria e máis o percorrido vital de Manuel María.

VV.AA., *Fotobiografía sonora*, Ouvirmos, Sarria, 2005, 188 páxinas (cd poemas e cd música).



documental arredor dun determinado motivo ou escritor, non é entre nós un proxecto novo, mais si o é o feito de engadir a ese esperado percorrido biográfico—que conta, neste caso, cunha excelente presentación apoiada en máis dun centenar de fotografías, moitas delas inéditas— dúas gravacións extraordinariamente operativas, entre outros obxectivos, para o

men-
tan e estruturan ese percorrido visual da figura de Manuel María desde os seus anos iniciais vividos en Outeiro de Rei, nos anos trinta, até os seus últimos días alentados na Coruña no ano 2004: entre medias amoréanse as imaxes que testemuñan unha vida entregada con plenitude á cultura e máis á lite-